



O inferno de Marta

Pasqual Alapont

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *O inferno de Marta*
Autor: Pasqual Alapont
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 200
ISBN: 84-9782-160-2



O AUTOR

2

PASQUAL ALAPONT

Nacido no ano 1963, é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Valencia.

Guionista, actor e director de escena. Tamén é editor.

Como escritor publicou numerosos libros para a infancia e a xuventude en catalán, tanto obras narrativas como dramáticas; tamén acadou premios como o Enric Valor de Literatura Infantil 1984, o premio Bancaixa de Narrativa Xuvenil 1999, o premio EDEBE de literatura xuvenil 2001 por *A ovella negra*, coa que tamén acada o Premi Serra d'Or de la Crítica, e foi seleccionada pola The White Ravens da Internationale Jugend Bibliothek.





O LIBRO

Está formado por unha simbiose entre unha obra literaria e un libro de autoaxuda. Pretende ser unha ferramenta para que as mozas sintan que é a súa responsabilidade manter relacións sas e non violentas; tamén pretende espertar nelas o desexo de ter unha vida feliz e digna que só é posible acadar cando o trato persoal está baseado no respecto e na consideración do outro e co outro.

A novela está escrita ao xeito dun *thriller*, cheo de suspense e emoción. É unha historia triste, como a realidade, dunha moza que se namora da persoa equivocada. Pero tamén é unha historia de amizade, unha amizade grazas á que poderá saír adiante e que achega a tenrura e a esperanza.

Acompaña un texto, *A máscara do amor*, do psicólogo e criminalista Vicente Garrido, no que se analizan os comportamentos de risco que as mozas deberían ter en conta para evitar caer no maltrato físico ou psicolóxico. Un práctico libro de autoaxuda.



TEMAS E VALORES

O libro, á parte de estar dirixido a adolescentes, ten a pretensión de buscar a colaboración da escola e da familia no tratamento do tema dos malos tratos. Consideran instructivo que os adultos o lean tamén e o comenten, introducindo o tema do amor e a violencia na comunicación entre xeracións. Tamén se lle propón ao profesorado a realización dun obradoiro de prevención de violencia de xénero no centro educativo; as instrucións para a súa realización –elaboradas por unha pedagoga e o psicólogo– están publicadas nunha páxina web que se achega.

- As relacións humanas.
- Os conflitos sociais.
- O amor.
- A amizade.
- O maltrato ás mulleres. A violencia de xénero.



ACTIVIDADES

ANTES DA LECTURA:

- Observando a portada e a contraportada, pensando no título e na información que se nos achega, podemos ir adiantando o tema, explicitando as nosas expectativas en relación a este texto, falando de todo aquilo que vai aparecendo a partir destes datos. É posible que xurda o tema dos malos tratos e que poidamos opinar acerca deste fenómeno social que segue estando de actualidade antes de ler o libro.
- O paratexto propio da editorial e a colección facilitará que falemos disto, de se nos gusta ou non este formato de libro, o tipo de letra... doutros libros que léemos desta mesma colección...
- Veremos se alguén coñece aos autores e buscaremos a biobibliografía no apartado «O autor».
- Unha vez lida a «Nota previa» podemos entrar na páxina web que alí aparece recollida e decidir se queremos realizar o obradoiro de prevención de maltrato.

AO LONGO E DESPOIS DA LECTURA:

4

- Comezamos co texto de ficción «O inferno de Marta». O título da cada capítulo poderá ser unha porta de entrada ao texto, levándonos a adiantar o seu contido, confirmándoo conforme lemos, cambiándollo ao final se nos parece pouco axeitado. Rematada a lectura de cada un deles, podemos anticipar a continuación da historia.
- No primeiro dos capítulos, Isabel sente a necesidade de compartir a súa felicidade. Hai momentos así, nos que sentimos que sería difícil pensar en estar mellor. ¿Lembramos algún deles? Relatémolo.
- Dese primeiro capítulo hai algo que nos chama moito a atención. ¿Que é?
- Conforme lemos, imos situando o relato nun lugar determinado e nun tempo. Digamos cales son. Explicitemos a relación que imos albiscando entre a historia do primeiro capítulo e a de Marta.
- Observemos as referencias ao mundo do cine (Bette Davis, *Scream*, os irmáns Marx) e ao da literatura (Dickens, Margarita Gautier, Emily Dickinson, o Santo Graal, os tres Mosqueteiros, o Doutor Jekyll e Mister Hyde). Comentemos o que saibamos desas citas.
- Analicemos os personaxes que van aparecendo no texto. Podemos ir tomando notas que nos permitirán realizar a descrición de cada un deles.

- A autoestima. ¿Como nos sentimos con nós mesmos? ¿Como nos vemos, cisnes ou parrulos feos? Realicemos un texto, a modo de diario, que será persoal e intransferible, pero que nos axudará a nós mesmos a entendernos un pouco mellor.
- En relación á autoestima, pode ser este un momento axeitado para pedirlle á orientadora ou orientador do centro unha charla sobre este tema.
- A amizade. ¿En que se basea a amizade e a convivencia entre persoas tan diferentes como Marta, Carme, Xulia e Braulio? ¿En que cres que se cimenta a relación cos teus mellores amigos e amigas?
- Da lectura parece derivarse que a culpabilidade fainos vulnerables. Expresade a vosa opinión ao respecto argumentándoa da maneira que consideredes conveniente.
- Non é demasiado común que determinados temas aparezan tan claramente explícitos, como a consideración de convalecente de amor, ou falar da dor da perda dunha persoa amada. Esta pode ser unha boa ocasión para que intercambiamos opinións en relación e este ou outros temas cos que vos vaiades atopando.
- Hai unha serie de riscos psíquicos e físicos que corremos aínda que non sexamos conscientes deles. Un deles é a anorexia, que aparece citada no texto. Indaguemos en que consiste esa enfermidade, cales son os seus síntomas, etc.
- Recollamos aquelas expresións que nos chamasen a atención.
- Fagamos un seguimento do comportamento de Héctor ao longo da novela.
- Deteñámonos na conversa (á saída do cine) sobre a violencia de xénero e a nota de prensa sobre o asasinato de Isabel. Realicemos un «retrato robot» co perfil do maltratador e o psicópata.
- Este é un texto no que se fala moito de sentimentos, de como nos sentimos ou do que sentimos en relación aos demais. Podemos ir analizando algún deles, coma os celos, as humillacións, a inseguridade, a autoestima...
- Observemos a evolución da relación de parella. Podemos tomar notas dos fitos que nos parezan salientables a cada un de nós, a modo dunha liña argumental na que poderemos basearnos na posta en común.
- Ao longo da relación hai unha serie de toques de aviso, signos que a deberon facer desconfiar. ¿Por que cremos que non o fixo ou non actuou en consecuencia?
- Hai unha boa cantidade de ideas que aparecen reflectidas no texto e que sería interesante reflexionar sobre elas e opinar. Algunha delas podería ser: «Marta investira tanto amor nel... que non podía perdelo», «O sufrimento fixéraa forte», etc.
- En canto á violencia de xénero, estamos ante un caso no que o maltratador é un psicópata, pero podía ter sido alguén considerado «máis normal» para os veciños ou coñecidos. Pensemos nisto.
- Indaguemos aqueles datos nos que nos baseamos para asegurar que o antagonista é un psicópata.

- No medio de toda esa loucura, Marta toma a decisión de ter o fillo. Opinemos en relación a isto.
- Procuremos películas nas que se trata o tema da violencia de xénero e realicemos un cine forum.
- Realicemos un debate acerca do tema da violencia de xénero: o que consideramos que poden ser as causas, as diferenzas entre a actualidade e o que sucedía antes, cando non aparecía este tema na prensa con tanta asiduidade, a nova lexislación ao respecto...
- Na actividade anterior ou noutra, sería interesante que recollésemos, entre todos e todas, alternativas para previr a violencia de xénero.
- A violencia máis próxima é a escolar, aquela que actúa contra os máis débiles, os máis novos... Falemos dela. Saquémosa á luz; fagámonos conscientes de que só actuando de fronte no propio contorno poderán ir cambiando as situacións e poderemos ir facendo prevención.
- Buscar noticias de prensa relacionadas con este tema e tamén documentación en internet.
- Indagar se hai casas de acollida para mulleres maltratadas no contorno.


“A máscara do amor” de Vicente Garrido

6

- Ir lendo o texto de Garrido, subliñando aquilo que nos pareza máis importante, tomando nota de forma esquemática. Posteriormente decidiremos que facer con ese material.
- Frases como aquela de que hai moitas realidades pero están nesta, poderemos entendela cando observamos as situacións tan diferentes que se dan ao noso redor. Algo así se cita: «Unha realidade oculta chea de situacións inimaxinables que nunca chegamos a coñecer». Comentemos algunha que nos chamase poderosamente a atención.
- Observemos a orde en que vai actuando o maltratador: seducir, conquistar, dominar, asasinar. Comparemos este caso con outros dos que teñamos noticia a través do cine e vexamos se hai correspondencia.
- «Isto non me pode pasar a min». Estas cousas pasan fóra, noutros lugares, con outro tipo de xente... Con todo, as denuncias demostran que sucede en todas as clases sociais, en todos os estamentos culturais, comunidades... ¿Cantas mulleres foron asasinadas este ano, este mes, esta semana? Contestemos estas preguntas.
- Realicemos unha composición en torno a esta idea: «Dormen co asasino. Mátaas a persoa que lles ten declarado o seu amor, a que máis debería querelas...»
- O autor pretende que as adolescentes sexan conscientes dos perigos que corren para poder evitalos e tamén busca que sexan responsables no sentido de evitar implicar-

se afectivamente en relacións que poden causarlles danos físicos ou psíquicos. ¿Cres que é posible conseguilo?

- Do texto podemos recoller uns apuntamentos cos que posteriormente traballar por equipos elaborando documentos:
 - A violencia non é algo extraordinario, senón máis común do que pensamos.
 - O sentimento do amor mantémolo afastado da razón, pero iso non implica que debamos someternos ao azar, senón elixir relacións sas e estar atentos aos indicadores que a investigación relaciona cunha personalidade violenta para poder desbotala.
 - Cando un problema está tan estendido debemos pensar que hai algo na sociedade que non está funcionando ben, a nivel de transmisión de valores, educativo...
 - Hai ideas perniciosas, como pensar que se pode cambiar por amor, que se pode «salvar» ao home, e isto convértese nunha misión para algunhas mulleres.
 - Un maltratador fai da violencia o fundamento da súa autoestima (dependente) ou do seu estilo de vida (psicópata).
 - A situación de desigualdade social, económica e política que padece a muller axuda a perpetuar este fenómeno.
 - Ningún xuíz pode actuar ata que o crime se execute, por iso a muller debe denunciar os malos tratos tan pronto se produzan.
- Repasemos a «Teoría dos círculos concéntricos do amor». Explicala, comentala e ver se é así ou non, se sentides que non se cumpre...
- Estudemos a relación do maltrato co consumo de alcohol ou outras drogas.
- Aparecen títulos tan suxestivos como «Os límites da maldade» ou «Alén das portas do inferno». Isto daranos pé para que pensemos ben os títulos dos traballos que vaíamos elaborando.
- En equipos, analizamos os chamados mitos do amor, que aparecen recollidos no texto.
- Elaboramos unha especie de decálogo recollendo aquelas ensinanzas, en relación á nosa dignidade, á autoestima, á relación cos demais... que non se nos deben esquecer nunca.
- Definimos dun xeito sinxelo pero profundo en que consiste un home e/ou unha muller autónoma.
- Realizamos unha posta en común na que poder expresar as nosas opinións respecto ao libro. Tamén será interesante que falemos acerca de a quen vai destinado, se a homes e mulleres ou só a mulleres, se á xente nova ou tamén a adultos...
- Organizámonos en empresas de publicidade e deseñamos campañas contra a violencia.
- Reflexionamos na relación entre a «igualdade» (non discriminación por razón de sexo) e a paz.
- Escribímoslles aos autores expresándolles a nosa opinión.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 83-2005